ISSN: 1887-2417
D.L.: C-3317-2006

Achegas do movemento polo decrecemento no contexto da crise enerxética e do cambio climático

Recession movement contribution to energy crisis and climate change

Stefano Puddu Crespellani. Xarxa per al Decreixement (Cataluña-España)

Resumo

O crecemento continuado, sen límites e exponencial, é a formulación dominante no último medio século nun planeta con límites, finito. Trátase dun proxecto de desenvolvemento inxusto e imposible de estender a toda a poboación, por iso é imprescindible introducir a noción do límite nos ámbitos político e educativo á vez, tarefa que non vai ser nin doada nin agradable. O movemento social polo decrecemento promove un proceso de transformación radical porque cómpre cambiar as institucións, as mentalidades e as formas de vida colectiva.

Astract

The exponential increased, continuous and unlimited growth within the last half century give us the definition of a limited, finite planet. It is an unbalance development project and not possible to extend to the whole population. Therefore it is inevitable to introduce limits on the political and education levels, a tough and difficult task. The social movement for the decreasing economy promotes a radical transformation process due to necessity in changing institutions, mentalities and collective life styles.

Palabras chave

Decrecemento, desenvolvemento, crise, cambio climático

Key-words

Decreasing economy, development, crisis, climate change

Introdución

O 2007 foi o ano do cambio climático. Un premio Nobel, un Oscar e dous informes demoledores convenceron ao mundo de que o efecto invernadoiro non é ningunha broma. Naquel momento, poucos escoitaran a palabra «decrecemento», aínda que xa facía un lustro que o termo comezara a circular, ao principio en Francia e logo en Italia. No entanto, este 2009 foi proclamado por *Ecoloxistas en Acción* o ano do decrecemento. Un ascenso tan rápido non é frecuente, e pídenos que intentemos coñecer un pouco máis que tipo de análise acompaña o concepto e como este nos axuda a entender o escenario de crise en que vivimos.

Decrecemento foi, en primeiro lugar, unha especie de slogan, unha palabra-bomba, como dicía Paul Ariès, pola súa capacidade de cuestionar a relixión económica que domina no planeta, xa que ataca directamente o seu dogma principal: o crecemento. Todos sabemos o que pasa coas relixións: que se alimentan de fe. E alá onde domina a fe, as evidencias contrarias son insuficientes para cuestionar os dogmas. Este é o caso do crecemento, que non só é o mecanismo fundamental do noso sistema económico, senón tamén o imperativo a que o seu funcionamento nos obriga: un crecemento continuado, sen límites e sen outra finalidade que a de se manter (crecer por crecer...).

Unha formulación deste tipo, absolutamente dominante entre as elites mundiais no último medio século, vese contradita pola realidade física dos límites do noso planeta. O exemplo do estanque de algas, moi coñecido, axúdanos a entender como funciona a trampa do crecemento continuado, é dicir, exponencial.

Imaxinemos que temos un estanque moi grande, onde vive unha comunidade inicialmente moi pequena de algas que, se nada a perturba, se duplica cada día. Pode pasar moito tempo antes de que a súa presenza no estanque sexa nin tan sequera visible. Mais non hai que esquecer que teñen un tempo de duplicación dun día. Para encher a metade do estanque, as algas poden tardar o tempo que se queira: un ano, ou dez, ou cen. Que tarden tanto para encher a metade do estanque non significa nada. O caso é que sabemos canto tardarán en encher a outra metade, e é tan só un día. Cando o estanque estea cheo, xa non haberá máis espazo onde crecer. A pesar diso, case ningún dos asesores económicos de case ningún dos gobernantes do mundo se deu por informado aínda. Como di o economista Kenneth BOULDING, *«quen crea que é posible un crecemento infinito nun mundo finito, ou é un tolo ou é un economista».*

A xénese do decrecemento procede da confluencia entre fontes distintas. Dunha parte, temos a experiencia do fracaso da exportación do desenvolvemento ao

sur. Xa na segunda metade do século XX empezou a verse claro que non se trataba apenas dun proceso de transferencia tecnolóxica, mais dunha empresa cultural moito máis complexa que, en definitiva, coincidía cun proxecto de occidentalización do mundo, como o definiu Serge Latouche. O proceso de descolonización posterior á segunda guerra mundial inaugurou unha estratexia –xa definitivamente globalizada– que se basea nunha nova colonización do imaxinario como medio para impoñer unha orde económica, social e política (e, por suposto, militar ante todo) cuxa matriz é, no fondo, pouco menos imperialista que antes. A crítica deste proceso reuniu unha pequena comitiva internacional de autores (o mesmo Serge Latouche, Vandana Shiva, Gustavo Esteva, Wolfgang Sachs...) que denunciaban a iniquidade do modelo e a imposibilidade de exportalo a todo o planeta.


Paralelamente, ía crecendo outra fonte de pensamento crítico, esta vez de matriz socioecolóxica. Eran os anos do Informe do Club de Roma (*Limits to growth*) e tamén da xénese do pensamento sistémico (que ten en Gregory Bateson un dos seus mestres), un enfoque que levou a ciencia a centrar a súa atención nas interrelacións e retroaccións existentes entre os elementos que configuran unha ecoloxía. Autores como Ivan Illich, Cornelius Castoriadis, André Gorz, entre moitos outros, comezaron a analizar a perda de calidade de vida que as nosas sociedades experimentaban a causa do progreso. Estes fermentos, doutra parte, repercutían na análise e as prácticas dos movementos sociais (feminista, pacifista, ecoloxista, altermundista etc.) para daren lugar a un depósito de reflexión que, no seu conxunto, cuestiona a relixión do crecemento, ao tempo que proxecta unha visión «laica» –é dicir, nin dogmática, nin fideística– acerca do progreso, a razón, a ciencia, a técnica e as súas pretensións de dominio sobre o mundo.

Así pois, se por un lado se chegaba á conclusión de que o crecemento era reflexo dunha orde inxusta e ademais imposible de estender a toda a poboación do planeta, polo outro insinuábase que nin tan sequera era desexable, posto que a partir de certo punto o crecemento económico non se traduce nunha mellora do noso nivel de vida ou nun aumento da nosa capacidade de gozala, senón en todo o contrario: unha fonte de tensión, un lume cruzado de presións de todo tipo que xeran un perfil de persoa –e de sociedade– heterónoma, incapaz de decidir sobre o seu propio rumbo. Fronte a isto, o decrecemento propón unha sociedade máis frugal e convivencial, cunha maior conciencia dos límites. Propón unha alegría de vivir que se basea non tanto no consumo de mercadorías como na riqueza de intercambios, de relacións, de coñecementos.

Unha mirada ao escenario das crises

O ano 2008 vivimos a peor crise financeira que se lembre na escala planetaria desde o crack de 1929. Estamos, hoxe, nun mundo en recesión con perspectivas sombrías para os anos vindeiros. Anteriormente, en España explotara a burbulla inmobiliaria, que levaba anos inchándose desmesuradamente. O sector que en aparencia facía de locomotora da economía do noso país parou en seco. As consecuencias deste parón seguen debullándose coma se vísemos un efecto dominó a cámara lenta (ou non tanto...).

Para interpretar o que está a pasar, talvez nos axude unha gráfica (Gráfica 1) que tomamos prestada dunha economista americana, Hazel HENDERSON, con algúns engadidos de colleita propia. A miúdo utilízase a imaxe do pastel para visualizar o sistema económico. Neste caso, trátase dun pastel de varios pisos, cun recheo e un recubrimento. Como podemos ver, na base do pastel atopamos as riquezas que non entran na nosa contabilidade económica, é dicir, que non están cuantificadas nin remuneradas. En primeiro lugar, a natureza, os seus recursos naturais, a súa fertilidade e a súa capacidade de rexeneración. O sistema económico aprovéitase desta xe-



nerosidade que procede do sol, do mar e da terra sen se preocupar demasiado das consecuencias, a curto e medio prazo. Até hai moi pouco non se contabilizaban nin os *inputs* nin os *outputs* ecolóxicos, reducidos a externalidades, senón tan só os fluxos monetarios dentro do sistema económico.

Como consecuencia deste descoido, temos indicios moi preocupantes dunha degradación ecolóxica posiblemente irreversible: a perda de bosques tropicais, o progresivo esgotamento das reservas pesqueiras ou das terras de cultivo, a redución dramática do plancto, a extinción de especies... Tamén se disparan alarmas no referente aos recursos, especialmente os enerxéticos, co petróleo á cabeza. Finalmente, temos o problema dos sumidoiros. De todo isto, volveremos falar logo.

O segundo piso corresponde ao altruísmo humano, é dicir, a todas aquelas actividades que as persoas facemos de forma voluntaria, que non están mercantilizadas, sen prezo nin recompensa, e que configuran o sector da economía informal. Aquí temos, historicamente, o traballo das mulleres e a achega incalculable á riqueza colectiva que supón a súa actividade reprodutiva no sentido biolóxico, mais tamén simbólico.
Segundo Henderson, estes dous primeiros pisos, que están fóra da contabilidade nacional, representan as dúas terceiras partes da nosa riqueza global.

A terceira parte restante correspondería á economía produtiva propiamente dita, co seu mercado de bens e servizos, que se reparte entre os sectores público e privado en dúas metades máis ou menos iguais. Antes, con todo, temos un recheo que corresponde á economía subterránea, que se move na ilegalidade. Aquí atopamos todo tipo de actividades delituosas, que non entran na contabilidade aínda que si están remuneradas, e bastante ben, por certo. Sen entrarmos en detalles, podemos asinaturar que este recheo está a aumentar o seu volume dunha forma preocupante, grazas –principalmente– á capacidade do diñeiro de circular sen deixar rastro. Por razóns semellantes veremos que este sector, que move na escuridade sumas de diñeiro astronómicas, ten vínculos bastante estreitos coa parte do recubrimento superior do pastel, dedicado á actividade financeira e especulativa.

O recubrimento ten unha consistencia de escuma, xa que unha parte dos seus produtos son máis ben simbólicos do que materiais. Pódese considerar como un mercado de produtos non producidos ou cuxa produción é moi antiga ou irrepetible, como é o caso das obras de arte, onde se xera un tipo de rendas que non corresponden a un valor engadido (unha mellora nos bens), senón apenas a un sobreprezo. Maurice Allais chamábaas «*rendas non gañadas*», e nos últimos trinta anos este foi o sector que verdadeiramente dominou a economía.

Isto empezou a principios dos anos 70, cando os Estados Unidos alcanzaron o cénit das súas reservas de petróleo. Foi o primeiro aviso, e podería ser un bo momento para reformular o modelo económico e a súa carreira acelerada cara ao crecemento, mais fíxose exactamente o contrario. O daquela gobernador da Reserva Federal, Alan Greenspan, optou por unha etapa de desregulamento sen límite no ámbito financeiro, favorecida polas TIC e a conexión dos mercados continuos de todo o mundo, o que deu lugar a unha explosión de creatividade especulativa sen par. Desde finais do século XX, as finanzas moven cada día un volume de transaccións de 30 a 40 veces superior ás mercadorías e servizos reais que as poderían xustificar. Os altos directivos dedícanse a xerar dividendos a curto prazo con operacións de calquera tipo en beneficio dos accionistas e do seu propio enriquecemento. E sabemos cales foron as consecuencias.

Xa que logo, estamos ante un escenario de crises múltiples e superpostas. Fixarémonos aquí basicamente en tres: a crise climática, a crise enerxética e a crise financeira. Non é que as demais non sexan importantes, nin as súas consecuencias menos terribles: a crise alimentaria, por exemplo, ou a humanitaria, entre moitas outras emerxencias, merecen a máxima atención. Mais estas tres son crises emblemáticas que repercuten sobre todas as demais e coadxuvan a entendérmolas.

O cambio climático é, posiblemente, o maior fenómeno de deslocalización globalizada do noso tempo. Por suposto, xurdiu de forma involuntaria, como «*dano colateral*» dunha forma de vida que sustenta o seu crecemento no uso masivo de combustibles fósiles. Se tivésemos que resumilo nunha frase, podería ser esta: «*saíronnos as contas furadas*».

A comunicación e a educación, evocadas no título do Seminario de Cambio Climático[1], son aspectos clave que debemos ter en conta: non esquezamos que os síntomas e repercusións do cambio climático son, na súa maior medida, indirectos, e a miúdo poden confundirse cos demais fenómenos de variabilidade climática normal. Quero dicir que fai falta a construción dun discurso racional e ben documentado para tratar o cambio climático como elemento mobilizador no plano personal e colectivo. Como ben sabemos, necesitouse o consenso entre miles de científicos de todo o mundo para aceptar a alteración climática actual como un feito.

Falamos, pois, dun trastorno global do planeta, que repercute en todos os grandes ciclos ecolóxicos con bucles imprevisibles e consecuencias contraditorias (excesos de frío e de calor, aumento de inundacións e de secas etc.). *Gea* púxose enferma, ten

1 VI Seminario de Comunicación, Educación e Participación fronte ao Cambio Climático, Valsaín (Segovia, abril 2009) [http://www.mma.es/portal/secciones/formacion_educacion/grupos_ceneam/respuestas_educ_cc/index.htm]

febre, perdeu o tempero; o seu equilibrio volveuse máis fráxil, o que quere dicir que é máis doado desestabilizalo e máis difícil volvelo compensar.

Ora ben, se os síntomas do cambio climático son múltiples e aleatorios, a causa principal do fenómeno é única e bastante clara: en pouco máis de cen anos queimamos e devolvemos á atmosfera case a metade do CO_2 retirado da circulación e acumulado nas reservas fósiles do planeta hai algúns millóns de anos. Os hidrocarburos son, como é ben sabido, unha transformación de biomasa vexetal, a cal, á súa vez, se produce a partir da actividade de organismos vexetais capaces de fixar a enerxía solar e segregar CO_2 á atmosfera. Os combustibles que se obteñen, e especialmente o petróleo, presentan características enerxéticas especialmente interesantes canto ao seu rendemento, versatilidade e facilidade de transporte e de aproveitamento. Foron os aforros enerxéticos de Gea durante millóns de anos. Hai que ver, pois, como estivemos a gastalos.

Neste punto pódenos ser de axuda o concepto de «*subsidio enerxético*» de que nos fala Richard Heinberg no seu famoso ensaio *Rematou a festa* (o subtítulo do cal aclara deseguida que o tema tratado non é nada frívolo: *Guerra e colapso económico no limiar da fin da era do petróleo*). Aquí tamén volvemos á termodinámica e aos seus principios. A lei da entropía fálanos da inevitable degradación da orde. Doutra banda, a biofísica ensínanos que os organismos crean pequenas illas de orde a partir do consumo de enerxía; isto cómpre telo claro: crear orde sempre ten un custo enerxético. Por esta razón, todos os organismos vivos, incluídas as sociedades, van na procura dalgún tipo de subsidio enerxético, e canto maior, mellor. O descubrimento dos subsidios fósiles é relativamente recente: digamos que ten tres séculos. Antes –á parte do vento, da auga corrente e da madeira como combustible– a única enerxía que se empregaba era de tipo animal. Por suposto, entre os animais había que incluír a especie humana, en forma de escravos.

Non hai dúbida de que o descubrimento dunhas novas formas de subsidio enerxético abundantes e baratas, a comezar polo carbón, e a capacidade tecnolóxica para aproveitar o seu potencial (máquina de vapor e, logo, motor de explosión) cambiaron por completo as regras do xogo. A cuestión é lembrarmos que os acontecementos dos últimos douscentos cincuenta anos –en todos os terreos, non só o económico ou militar, senón tamén o político, científico, cultural, artístico...– son impensables sen a subvención masiva de enerxía que reciben a industria, o transporte, a actividade agrícola ou calquera outro aspecto da organización das nosas sociedades. Para facérmonos unha idea, o nivel de subsidio enerxético que consideramos normal nunha sociedade como a nosa equivale ao que nos proporcionaría o traballo de medio centenar de escravos por persoa.

Por suposto, isto significa unha expansión enorme das nosas potencialidades persoais e colectivas, equivale a unha dinamización euforizante do sentimento do que somos e podemos facer, de maneira que os efectos estimulantes que diso se derivan son moi semellantes aos dunha droga (e dunha droga dura). Os subsidios enerxéticos dos recursos fósiles fixéronnos moi poderosos, mais asemade moi dependentes, é dicir, moi necesitados e, nesta mesma medida, moi fráxiles. Tamén moi violentos, claro, pois quen necesita garantirse, a calquera prezo, a súa dose de subsidio está disposto, literalmente, a matar. E isto tamén está moi comprobado, tanto a pequena como a grande escala.

Esta dependencia está destinada a traernos problemas maiores dentro de poucos anos. Cada vez hai máis consenso entre os expertos en que as previsións de Hubbert sobre o cénit do petróleo e o seu posterior declive son acertadas. Non paga a pena discutirmos acerca de se xa chegamos a este punto, que marca o esgotamento da metade das reservas de cru do planeta, ou se faltan cinco, dez ou quince anos. Isto, desde o punto de vista dos procesos históricos, é irrelevante. A cuestión é que estamos ante un escenario anunciado de colapso económico a uns cantos anos vista (entre cinco e vinte) polo declive na dispoñibilidade de petróleo, isto é, da enerxía concentrada e transportable que este combustible nos fornece e que supón unha porcentaxe moi elevada da enerxía total que gastamos, e máis dun 90% no sector transporte.

Aquí temos unha primeira correlación, relativamente doada de establecer, entre crise climática e crise enerxética. Na tempada da primavera-verán de 2008, co aumento do prezo do cru, houbo unha primeira proba das posibles consecuencias dunha crise da subministración de combustibles para o transporte: o sistema da loxística comercial colapsouse durante unha semana e no noso país volvemos ver a imaxe desacougante dos andeis baleiros nos supermercados. Ora que, curiosamente, logo a crise explotou por outro lado, polo das finanzas. De súpeto, o sistema financeiro descubriuse insolvente. Aquí pódenos axudar a capacidade de síntese de El Roto, cando asinaturaba que *«o capitalismo é vulnerable a un exceso de avaricia»*. As repercusións sobre a economía produtiva foron espectaculares e inmediatas. Tamén sabemos como se traduce isto en termos de peche de empresas, despedimentos, aumento do paro, e como repercute nas economías familiares e no circuíto económico. Neste sentido, chama a atención que a crise do sistema chegara mesmo antes de se produciren problemas severos e masivos na subministración enerxética. De certo punto de vista, talvez fose unha sorte.

Por outro lado, é igualmente interesante ver que o cambio climático é, pola súa vez, unha emerxencia anterior á crise financeira. A constatación científica do quentamento

global dinos que este sistema é insolvente tamén desde o punto de vista ecosistémico. Parafraseando a El Roto poderiamos dicir que *«o planeta é vulnerable a un exceso de desbaldimento enerxético»*, debido a que non pode metabolizar o incremento do CO_2 que isto supón. E, en bioloxía, o que non se pode nin metabolizar nin expulsar é tóxico.

O fenómeno do cambio climático, que se orixina pola acumulación dalgúns gases de efecto invernadoiro na atmosfera, formula unha crise ecolóxica polo lado dos sumidoiros, á vez que o declive do petróleo a formula polo lado das subministracións. Con apenas a metade dos combustibles fósiles queimados, xa excedemos a capacidade metabólica do planeta. A obriga ecolóxica a un cambio en profundidade precede, curiosamente, a obriga material práctica. Noutras palabras, pónsenos por diante o imperativo de non seguir queimando combustibles fósiles, antes mesmo de chegar á imposibilidade práctica de facelo por un aumento do prezo ou a falta de subministración. Un humorista italiano comprometido co tema, Beppe Grillo, expresábao así: *«Non fai falta rematar o petróleo para saír da era do petróleo. Tampouco tiveron que esgotarse as pedras para saír da idade de pedra».*

Ao intentarmos pechar este resumo de trazo gordo e, por tanto, moi discutible, poderiamos dicir que a febre do crecemento nos levou, no seu punto extremo, ao delirio financeiro da economía casino. Esta economía casino, en calquera caso, necesita dúas fontes primordiais de alimentación: unha é o petróleo; a outra, a débeda. No primeiro caso, estamos a gastar o patrimonio enerxético; no segundo, o diñeiro que non temos. Ambos os dous casos manifestan problemas evidentes de insolvencia. A suma dos dous resulta extremadamente tóxica para a ecoloxía do planeta, unha ecoloxía que, por suposto, nos inclúe.

A contundencia do diagnóstico atopa, porén, unha dificultade, e é que por moito que coñezamos as causas dos nosos problemas non conseguimos actuar sobre elas para modificalas porque dependemos delas para ser o que somos. A síntese máis popular deste concepto foi pronunciada por George Bush Jr. cando dixo, nunha rolda de prensa: *«a nosa forma de vida non é negociable».* Referíase ao feito de que estamos dispostos a calquera sacrificio para curarnos da enfermidade que nos aflixe, menos cambiar a nosa forma de vivir, que xustamente é a súa causa. Unha viñeta de El Roto resumiuno de forma inmellorable hai algún tempo: a imaxe ensinaba unha reunión de altos executivos, sentados ao redor dunha gran mesa, e o que presidía a reunión, de pé, espetáballes aos outros: *«A destrución do planeta é necesaria para a supervivencia do sistema, e a destrución do sistema é necesaria para a supervivencia do planeta... Que facemos?»*. Boa disxuntiva.

Apostar polo decrecemento

Custa crer até que punto, aos que estamos dentro deste sistema, nos custa imaxinar que se poida vivir de forma diferente. Este fenómeno é o que Serge Latouche, desde hai xa moitos anos, chama *«colonización do imaxinario».* O noso horizonte mental pechouse arredor dunhas imaxes de como teñen que ser as cousas, de como pode funcionar a sociedade. Este horizonte enmárcase hoxe en día nunhas coordenadas de pura racionalidade económica, que en último termo é a racionalidade dos beneficios: cantos máis e a máis curto prazo, mellor. Este cálculo, doutra banda, baséase nun suposto implícito moi importante: que a subministración de enerxía estea garantida e non supoña ningún problema. Noutras palabras, en que seguiremos dispoñendo de enerxía abundante e barata. O outro suposto é que as consecuencias ambientais da actividade económica se manteñan dentro de parámetros de compatibilidade. Como sabemos, estes dous supostos xa deixaron de ser certos.

Que facer pois? En palabras de Antonio Gramsci, «*crise é cando o vello non remata de morrer e o novo non remata de nacer».* Máis recentemente, Boaventura de Sousa Santos propoñíanos, nun dos seus artigos, outra definición interesante: *"as crises son momentos de preguntas fortes e de respostas débiles".* Nestes momentos, máis que nunca, é oportuno interrogármonos sobre as opcións que temos e compartirmos os débiles intentos de resposta para que sexan un pouco máis fortes.

No seu libro *Power Down*, Richard Heinberg formulaba catro posibles maneiras de encarar a crise: a primeira, resumida nun titular, sería *«Guerra e competición»*, baixo o lema *«o último, sálvase»*. A segunda opción titúlaa *«Autolimitación e cooperación»*, e é a que máis se achega á idea dun decrecemento convivencial. A terceira actitude ten un nome suxestivo: *«Esperando o elixir máxico para seguir igual»,* título que parece reflectir a actitude da inmensa maioría de políticos e, posiblemente, dunha gran parte dos seus electores. Finalmente, a cuarta posibilidade soa así: «*Construíndo botes salvavidas»*, unha opción que ten en Noé e a súa arca o predecesor máis ilustre.

Talvez haxa máis opcións, mais estas xa serven para o debate. Aventuraríame a dicir que o decrecemento está situado entre a segunda e a cuarta, mentres que a realidade oscila entre unha aparente preferencia pola terceira e unha substancial resignación á primeira. Todos os indicios de que dispoñemos nos levan a unha conclusión clara: as sociedades humanas experimentarán nesta primeira metade do século un proceso de transformación que non pode ser menos que radical e que vai mudar institucións, mentalidades e formas de vida colectiva. O que está en dúbida, pois, non é se haberá transición, senón a

forma de chegar a ela: se será voluntaria ou forzosa, gradual ou traumática, pacífica ou violenta. O decrecemento está na lóxica dos feitos, aínda que non o estea, aínda, na nosa forma de pensar.

Outro punto ineludible é que esta transición implica un proceso de relocalización das actividades, un cambio que tería que ir acompañado da creación de novos vínculos comunitarios a escala local. Nada, por suposto, está garantido, ora que esta sería a dirección en que avanzarmos. Nunha recente intervención en Barcelona, o pasado mes de marzo (2009), Serge Latouche propoñía unha especie de decálogo de obxectivos mínimos para un programa decrecentista. Ao seu entender, as formulacións de fondo teñen que ser radicais, aínda que no aspecto práctico temos que estar dispostos a pactar reformas. A continuación, resumimos os dez puntos da súa proposta:

1. Volver a unha pegada ecolóxica sustentable
2. Reducir os transportes a internalizar os custos
3. Relocalizar as actividades
4. Restaurar a agricultura campesiña tradicional
5. Repercutir o aumento da produtividade nunha redución do tempo de traballo
6. Relanzar a produción de bens relacionais
7. Reducir o consumo de enerxía nun factor 4
8. Reducir o espazo da publicidade
9. Reorientar a investigación tecnocientífica
10. Reapropiarse do diñeiro

Articular este programa é, propiamente, a tarefa que o movemento polo decrecemento ten diante súa nos próximos anos. Asistimos a un florecemento de iniciativas grandes e pequenas en moitos lugares de Europa, e a uns primeiros intentos de difundilas e coordinalas. A *Eede Cidades en Transición (Transition towns)* indica un posible camiño que pouco e pouco vai difundíndose en centros grandes e pequenos, tamén no noso país [http://movimientotransicion.pbworks.com]. Existen cada vez máis recursos en liña que permiten, a través da internet, compartir información entre grupos que queren aplicar o decrecemento á súa realidade concreta. En Cataluña, arredor do web de referencia co enderezo [http://decreixement.net] está a tecerse unha rede de contactos e unha base de datos de propostas con diversos grupos de traballo activos. Hai, en definitiva, moito camiño para percorrer. Cadaquén que faga a súa aposta.

Algúns apuntamentos finais

Para rematar esta achega, intentarei resumir algunhas consideracións que fixen no debate final, despois de escoitar os outros relatorios e tamén a raíz dalgunhas intervencións e preguntas procedentes das persoas asistentes. Este resumo é difícil porque os meus apuntamentos son moi

esquemáticos e o contexto da discusión xa se perdeu e é imposible reconstruílo. Pido desculpas, por tanto, polo inconexa que pode resultar esta epígrafe final.

En primeiro lugar, paréceme importante subliñar o difícil que pode resultarnos ***o paso dun imaxinario de abundancia***, tal como o recibimos a diario a través da publicidade, ***ao contexto de escaseza*** que a realidade progresivamente nos transmite. Introducir a noción do límite na nosa percepción e no sentido común é un reto, político e educativo á vez, que non vai ser nin doado nin agradable.

A segunda reflexión vén da lembranza dunha análise que durante os anos oitenta faciamos dentro dos movementos sociais, acerca de tres dimensións presentes en maior ou menor medida nas distintas ***experiencias de mobilización social***: a ética, a estética e a política. En Italia, onde eu vivía daquela, eran os anos do que chamabamos «*o hedonismo reganiano*», en referencia ao primeiro presidente-actor que, sen estar moi dotado noutros aspectos, si que dominaba o novo escenario mediático da política; a nosa sensación, desde os movementos ecoloxistas e pacifistas, era que a apelación á ética era insuficiente para lle facermos fronte ao poder de fascinación e persuasión dunha política dominada pola estética. Non abondaba con ter razón: había que atopar o camiño estético para que a proposta ética puidese chegar a ter repercusión política.

Talvez este razoamento siga sendo pertinente. Aquí podería abrirse un terreo de reflexión e de acción sen dúbida interesante. As últimas décadas caracterizáronse por un «*hedonismo da débeda*» fronte ao cal, de momento, a nosa proposta se limita a unha «*ética da solvencia*». A pregunta é se e como a sobriedade pode chegar ser unha proposta estética, e se esta pode axudar a frear a degradación da beleza que, na miña apreciación persoal, acompaña a maioría de propostas destinadas ao consumo masivo. A miña sensación é que o decrecemento tamén tería que darlle resposta á desolación estética crecente en que vivimos, ao baleiro que o mercado adoita crear arredor das nosas demandas de sentido.

A terceira consideración nace do xeito en ***que se fala***, a miúdo, ***do CO_2***, case coma se fose un gas tóxico, un contaminante sen máis. Creo que, desde o punto de vista biolóxico, esta visión é incorrecta, xa que nós emitimos CO_2 con cada respiración e tamén o inxerimos cada vez que tomamos unha auga con gas ou outro refresco parecido. O que é tóxico é o exceso de CO_2, por unha cuestión de metabolismo: o que non podemos metabolizar, resulta tóxico. Ora ben, talvez sería máis importante, mesmo para o clima, limitar as transaccións financeiras a través dunha *taxa tipo Tobin*, un señor ao que deron un Nobel por esta proposta para logo non lle faceren ningún caso, isto é, revisar o sistema de impostos ecolóxicos, actualizar o

prezo dos recursos para que inclúa o custo da súa substitución e outras medidas semellantes.

Talvez é por isto que non me recoñezo na obsesión que ás veces se fomenta, mesmo coas mellores intencións, pola loita contra o CO_2, a se botaren contas en pequenos grupos acerca das emisións que aforramos, igual que se fai coas calorías. Ou ben coa proposta que se presentou no seminario de lle asignar a cada persoa a súa cota anual de CO_2 e establecer unha contabilidade rigorosa con posibilidade de comprar ou vender cotas, igual que fan agora países e empresas. Ben, ás veces a estratexia de combater a loucura coa loucura pode funcionar, como en homeopatía; neste sentido, pódese intentar. Mais temos que ser conscientes do paradoxal que resulta todo isto, cando no fondo do que se trata é de facer menos...

Neste punto ten a ver tamén coa cuarta consideración, que comenta a idea da ***redución progresiva do consumo de CO^2*** ao se lle baixar cada ano a asignación a cada persoa como unha forma de baixar a escaleira: o que sucedeu este ano é que, por causa das crises inmobiliaria, financeira e económica que vivimos, resulta que caemos da escaleira, baixamos de súpeto uns cantos chanzos. Fixo máis a crise, na loita para reducir as emisións de CO^2, que todas as campañas levadas a cabo até o momento. Talvez é triste admitilo, mais tamén instrutivo.

O quinto comentario facía referencia ***ao peso da economía no ámbito do político***. A economía imponlle á política a súa visión da realidade cun dominio case total. Neste sentido, vivimos unha extralimitación do económico que resulta tremenda, porque, á parte do político, comeu o social. A diferenza máis importante que Serge Latouche notou nas sociedades africanas onde viviu algún tempo tiña a ver con este punto: alá a economía aínda estaba incluída na rede de relacións sociais, onde o parentesco, o intercambio de favores, a reciprocidade e a cortesía se entrelazaban nun tecido mesto e inextricable; no noso caso pasa ao revés, e son as relacións sociais as que están incluídas nun marco económico que, aparentemente, o domina todo.

A cuestión, tanto polo que respecta á economía como á política e á sociedade, é volver á base do pastel, onde se xera a riqueza máis vital e perdurable: na natureza e nas relacións. Cara á base do pastel tamén atopamos o ámbito local: mercados de proximidade, redes de reciprocidade máis estreita. Aquí habería que experimentar formas de economía alternativa, desde moedas locais até ensaios reducidos de renda básica.

Para rematar, pedíasenos unha ***medida*** concreta que calquera puidese practicar para avanzar cara ao decrecemento, e a miña foi esta: dedicar unha hora, de ser posible cada día, á contemplación; destinala, xa que logo, á beleza, á natureza, á

música, ao coñecemento, aos amigos, ás persoas queridas, ao cultivo de facultades estéticas e de bens relacionais. Son cousas que, creo, nos fan decrecer, e ao mesmo tempo medrar.

Referencias bibliográficas

GORE, A. (2007): *Una verdad incómoda: la crisis planetaria del calentamiento global y cómo afrontarla.* Barcelona, Gedisa

ARIÈS, P. (2005): *Décroissance ou barbarie.* Lyon, Golias

LATOUCHE, S. (2009): *Pequeño tratado del decrecimiento sereno.* Barcelona, Icaria

LATOUCHE, S. (2008): *La apuesta por el decrecimiento.* Barcelona, Icaria

LATOUCHE, S. (2007): *Sobrevivir al desarrollo.* Barcelona, Icaria

LATOUCHE, S. (1989): *L'occidentalisation du monde.* París, La Découverte

HENDERSON, H. (1988): «Una guida per cavalcare la tigre del cambiamento. Le tre zone di transizione» en Thompson, W. I. *Ecologia e autonomia.* Milán, Feltrinelli

HEINBERG, R. (2004): *Power down. Options and Actions for a Post-carbon World.* Forest Row, Clairview Books

HEINBERG, R. (2006): *Se acabó la fiesta. Guerra y colapso económico en el umbral del fin de la era del petróleo.* Benasque, Barrabés

SEMPERE, J. e TELLO, E. (2008): *El fin de la era del petróleo barato.* Barcelona, Icaria